



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045  
e-mail: correo@boimorto.dicoruna.es

### **ACTA DE DATA 15 DE XUÑO DE 2010 CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A SELECCIÓN POR CONCURSO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/HA SOCORRISTA PARA A PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE BOIMORTO PROGRAMAS COOPERACIÓN BAREMACIÓN DE MÉRITOS, CREACIÓN BOLSA DE EMPREGO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA)**

En Boimorto o 15 de xuño de dous mil once, sendo as 10:00 horas réunese baixo a presidencia D. César Bujan Barral ( Animador deportivo do Concello de Boimorto) os seguintes membros integrantes da Comisión seleccionadora que se constitúe para valorar os méritos aportados para a fase de concurso dos/as aspirantes á praza de persoal laboral temporal dun/ha socorrista para a piscina municipal do Concello de Boimorto ( segundo certificación da secretaria que consta no expediente), e segundo as bases aprobadas pola Alcaldía en decreto nº 156 de data 20/05/2011.

Vogais:

- Dna. Ana M<sup>a</sup> Vallo Camba ( Axente de emprego do Concello de Boimorto)
  - D. Luis González Guerra ( Encargado de obras e urbanismo do Concello de Boimorto)
- Secretaria: Rebeca Vázquez Vázquez

Polo Presidente declarase constituído a Comisión seleccionadora e aberto o acto acordase proceder á baremación dos méritos aportados para a fase de Concurso polos/as aspirantes acordando por unanimidade outorgar a seguinte puntuación:

**-Baremo de méritos para valorar o concurso praza de socorrista xornada completa:**

- Por non ter experiencia profesional na administración pública en posto similar **3 puntos**. Este mérito acreditarase mediante informe de vida laboral ano 2011 actualizado.

- Formación ( puntuación máxima 3 puntos)

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento seguintes recibidos relacionados coas funcións a desenvolver:

- Curso de prevención de riscos laborais: **1 punto**.

- Outros cursos relacionados có posto, indicando cal se usa como requisito de participación que non computará ; 0,25 cada curso ata un máximo de **2 puntos**.

Acreditación destes méritos mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

En caso de empate aplicaranse os seguintes criterios recollidos na Resolución do 11/02/2010 publicada no DOG núm. 40 de data 28/02/2011 pola que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos para a realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as que serán contratados/as a través dos programas de cooperación para o ano 2011, dando preferencia

A) Persoas en paro de longa duración.

B) Menores de 30 anos en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

C) Mulleres.

D) Persoas con discapacidade.

E) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito.

F) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

G) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios /as da

renda de integración social de Galicia.

Dentro dos colectivos indicados, priorizaranse aqueles demandantes que teñan un itinerario personalizado de inserción ( IPI) en curso.

Se algún do/a candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación ou non poidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor dos seguintes con maior puntuación total , permitíndose a creación de bolsa por decreto da Alcaldía para a cobertura de posibles vacantes , sempre que os aspirantes obtivesen alomenos 2 puntos como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego que queda sen efectos unha vez xustificada a subvención do Plan de cooperación.

### 1.- FERNANDEZ GARCIA MIGUEL ( 44848341C)

**Curso utilizado como requisito de participación: Curso de socorrismo en instalacións acuáticas**

- Por non ter experiencia profesional na administración pública en posto similar ( máximo 3 puntos)	3
- Formación ( máximo 3 puntos): - Prevención de riscos laborais ( 1 punto) - Outros cursos: ( 2 puntos)	0
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>3</b>

### 2.- NIETO VILLAR JORGE ( 44820944Q)

**Curso utilizado como requisito de participación: Curso de socorrista en salvamento acuático y primeros auxilios**

- Por non ter experiencia profesional na administración pública en posto similar ( máximo 3 puntos)	0
- Formación ( máximo 3 puntos): - Prevención de riscos laborais ( 1 punto) - Outros cursos: ( 2 puntos)	0
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>0</b>

### 3.- OURO CARRIL NATALIA ( 78807886L)

**Curso utilizado como requisito de participación: Socorrismo y primeros auxilios**

- Por non ter experiencia profesional na administración pública en posto similar ( máximo 3 puntos)	3
- Formación ( máximo 3 puntos): - Prevención de riscos laborais ( 1 punto) - Outros cursos: ( 2 puntos)	0
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>3</b>



#### 4.- SANMARTIN RODRIGUEZ NOEMI ( 44838415F)

Curso utilizado como requisito de participación: Título de técnica superior en animación de actividades físicas e deportivas

- Por non ter experiencia profesional na administración pública en posto similar ( máximo 3 puntos)	3
- Formación ( máximo 3 puntos): - Prevención de riscos laborais ( 1 punto) - Outros cursos: ( 2 puntos) Diseño y planificación del entrenamiento en deportes individuales y colectivos (0,25); Dirección y planificación de actividades de tiempo libre, ocio y recreación ( 0,25).	0,50
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>3,5</b>

A Comisión seleccionadora acorda por unanimidade propoñer ó Alcalde o nomeamento de Dna. Noemi Sanmartin Rodriguez con DNI 44838415F, como socorrista laboral temporal do Concello de Boimorto para a piscina municipal.

Segundo o sinalado no punto cuarto das bases de selección quedarían na bolsa de emprego as seguintes aspirantes que acadaron alomenos 2 puntos no concurso do proceso selectivo e pola seguinte orde ( Empate entre Natalia Ouro Carril e Miguel Fernandez Garcia: consultando na oficina de emprego de Melide ambos candidatos non son parados de longa duración xa que a primeira ten 10 días e o segundo 41 días de desemprego; son menores de 30 anos; polo que, en consecuencia, utilizamos o terceiro criterio por ser muller):

- 1.- Natalia Ouro Carril ( 78807886L)
- 2.- Miguel Fernandez Garcia ( 44848341C)

Non sendo outro o obxeto desta reunión dase por rematado o acto ordeando ao Presidente que se redacte a presente acta sendo as 10:15 horas do que dou fe.

Boimorto, 15 de xuño de dous mil once.

#### SINATURAS

Presidente: D. César Bujan Barral (Animador deportivo do Concello de Boimorto)

Vogais:

- D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Vallo Camba ( Axente de emprego do Concello de Boimorto)

- D. Luis González Guerra ( Encargado de obras e urbanismo do Concello de Boimorto)

Secretaria: Rebeca Vázquez Vázquez